



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE BANDE PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE BANDE

Bande, 9 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense, facultado para a formalización do convenio en virtude do disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 21 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

Doutra parte, Sandra Quintas Vázquez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Bande actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A estrada OU-540 Ourense-fronteira portuguesa (A Madalena) pertence á rede primaria básica de estradas autonómicas, discorre polo Concello de Bande no treito comprendido entre os Pq 35+610 e 50+660.

Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o 26.04,2013 o proxecto "Urbanización da travesía da OU-540 en Bande (ppqq 39+610 - 39+711)" co fin de dar



continuidade ás obras de mellora xa realizadas en anos anteriores na dita estrada. A antedita actuación non chegou a licitarse, porén, o treito da estrada OU-540 comprendido entre os pq 39+560 e 41+240 foi transferido ao Concello de Bande o 10,12,2014.

Terceiro. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas garantir a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Cuarto. No ano 2016 Xunta de Galicia, Deputación de Ourense e Concello de Bande acometeron a actuación "Urbanización da travesía da OU-540 en Bande (ppqq 39+610 – 39+711) co obxectivo principal de acondicionar o devandito treito da mesma, coa instalación das redes de abastecemento, saneamento, pluviais e alumeado, a execución de beirarrúas e a sinalización horizontal e vertical da travesía.

Quinto. Segundo o artigo 36.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é unha competencia propia das deputacións a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica.

Sexto. Trátase por tanto dunha actuación que o órgano con competencia en materia de regulación do tráfico, a Dirección Xeral de Tráfico, seleccionou como prioritaria en Galicia dende o punto de vista da seguridade viaria, realización a súa proposta nun treito de estrada de titularidade municipal e para cuxa materialización o concello carece de capacidade financeira. Así, resolveuse formalizar un acordo de colaboración no que participen a Deputación Provincial de Ourense (na súa competencia de asistencia e cooperación cos concellos), e a Xunta de Galicia como promotora das medidas en materia de seguridade viaria que ven establecendo nos correspondentes Plans nesta materia e desenvolvendo nas infraestruturas da súa competencia. En consecuencia, é preciso artellar a concesión directa dunha subvención ao Concello de

Bande ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007. do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Bande para as actuacións de mellora da seguridade viaria na travesía de Bande.

A actuación desenvolve a proposta formulada pola Dirección Xeral de Tráfico, e consistirá en:

- Mellora da seguridade viaria de interseccións
- Continuidade de itinerarios peonís interrompidos
- Redución da velocidade: estreitamentos de carrís, sobreanchos en beirarrúas, plataforma única nunha interseccións.
- Reordenación do aparcamento e mellora das paradas de autobús
- Mellora da accesibilidade e iluminación específica de paso de peóns
- Nova capa de rodadura

O orzamento de execución das obras, de acordo co proxecto redactado pola Axencia Galega de Infraestruturas, estímase en seiscentos noventa e tres mil cincocentos trinta e cinco euros con setenta céntimos de euro (693.535,70 €) IVE incluído.

A dito importe cómpre engadir os conceptos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, presupostados en trinta e dous mil seiscentos setenta euros, 32.670,00 E IVE incluído.



O orzamento total ascende a setecentos vinte seis mil douscentos cinco euros con setenta céntimos, 726.205,70€.

SEGUNDA.- REQUISITOS.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Bande cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO.

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas do Concello de Bande:

1. Levar a cabo as obras obxecto deste convenio.
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula primeira.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control prevista no artigo 45 da citada lei.
5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas e a Deputación Provincial de Ourense, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a



concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas e á Deputación Provincial de Ourense a data de recepción das obras para os efectos de que estas envíen un representante se así o estima oportuno.
8. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe “Xunta de Galicia”, de acordo co seguinte deseño:



En todo caso este último cartel terá a mesma altura que o cartel de obra convencional, e manterá a proporción desta imaxe na dimensión horizontal.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a execución das obras, a súa dirección e coordinación e saúde destinando para iso ata un máximo de **TRESCENTOS SESENTA E TRES MIL CENTO DOUS EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO**

(363.102,85€) con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B 760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

Ano	Importe (€)
2021	127.085,98
2022	236.016,87
TOTAL	363.102,85

A Axencia Galega de Infraestruturas aboará ao Concello de Bande o importe correspondente a cada anualidade logo da súa xustificación segundo o establecido na cláusula sexta.

O importe consignado para a execución das obras e actuacións previstas obxecto deste convenio inclúe os posibles modificados, revisións de prezos, liquidacións das obras e reposición dos servizos afectados.

QUINTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

A Deputación Provincial de Ourense financiará a execución das obras, a súa dirección e coordinación e saúde destinando para iso ata un máximo de TRESCENTOS SESENTA E TRES MIL CENTO DOUS EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (363.102,85€) con cargos aos seus orzamentos, de acordo coa seguinte distribución:

Ano	Importe (€)
2021	127.085,98
2022	236.016,87
TOTAL	363.102,85

A Deputación Provincial de Ourense aboará ao Concello de Bande o importe correspondente a cada anualidade logo da súa xustificación segundo o establecido na cláusula sexta.

O importe consignado para a execución das obras e actuacións previstas obxecto deste convenio inclúe os posibles modificados, revisións de prezos, liquidacións das obras e reposición dos servizos afectados incluídos no orzamento de execución do proxecto construtivo.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Bande xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.



- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica do cartel da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante os anos 2021-20212 A data límite para a xustificación é o 10 de decembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas e da Deputación Provincial de Ourense a favor do Concello de Bande, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo



máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas, dun representante da Deputación Provincial de Ourense e dun representante do Concello de Bande.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula primeira.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

NOVENA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de



organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

DÉCIMA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).





DUODÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2021 nas condicións establecidas na cláusula sexta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por cuadruplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega
de Infraestruturas

O presidente da Deputación Provincial
de Ourense

Ethel M^a Vázquez Mourelle

José Manuel Baltar Blanco

A alcaldesa do Concello de Bande

Sandra Quintás Vázquez

